REDE de INMIGRACIÓN, ESCOLA e SOCIEDADE

UNION EUROPEA
FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL
"Una manera de hacer Europa"

Novas publicacións no seo da Rede RIES

Mª José Méndez Lois e Miguel Anxo Santos Rego, dos GG.II. GEFIL e ESCULCA respectivamente, son os editores dos mesmos

Este libro presenta problemas e ofrece respostas no marco da dialéctica aprendizaxe-formación-traballo nunha sociedade cosmopolita, entendida non como ideal romántico senón como deriva de fluxos históricos mediados pola tecnoloxía e a comunicación. Tal vez o que debería importarnos na encrucillada á que fomos arrastrados pola primeira gran crise económica deste século é a construción de proxectos educativos fortes, entrelazados desde a sociedade civil, avaliándoos segundo o servizo que presten a propósitos de equidade e inclusión cívica.

O segundo dos libros editados na Rede RIES provén do Grupo de Investigación GEFIL. A súa responsable é a Profa. Mª José Méndez Lois, conxuntamente con Celso Taboada Lorenzo (ver Editorial páx. 2).

Nesta nova publicación, os autores tentan concienciarnos da necesidade imperiosa de ter en conta a colectivos que na actualidade manteñen un papel secundario na toma de decisións e na comunicación en xeral, centrándose de xeito principal nas mulleres e nas que están camiño de selo: as nenas.

SUMARIO

PÁXINA 2
Editorial

PÁXINA 4
Entrevista coa Secretaria Xeral da Igualdade Susana López Abella

PÁXINA 8
Experiencia Investigadora

Mulleres emigrantes retornadas: Inserción laboral e emprego

PÁXINA 10
Experiencia Educativa

Proxecto Perseveira – IES Porto do Son

PÁXINA 13
Novas publicacións

PÁXINA 14
Novidades editoriais

PÁXINA 15
Vindeiras actividades da Rede

PÁXINA 16
Vindeiros congresos

PÁXINA 18
Novidades lexislativas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE VIGO

MULLER, EQUIDADE E EMIGRACIÓN

Celso Taboada Lorenzo

Axente de Igualdade do Concello de Lalín e membro de Homes Galegos pola Igualdade

Falar desta realidade transversal que afecta a toda a sociedade é realmente difícil. Empezarei por valorar como un paso moi importante na democratización da nosa sociedade o feito de incluír na axenda política aqueles aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades e de trato. A nivel formal podemos dispoñer da lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da lei de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e doutros instrumentos que participan na transformación dunha sociedade máis igualitaria e máis xusta. Pasos fundamentais que outros países aínda non deron. O seguinte paso terá que ser a inclusión desta necesidade nas axendas das persoas que toman decisións en política, para posteriormente empezar a falar de transversalidade en materia de xénero, e así ir cambiando desde a base todas e cada unha das políticas sociais.

A Administración ten que ser "exemplo" e "referente" para o resto da sociedade e actualmente non é así. É sintomático, por exemplo, que as empresas de máis de 250 traballadores/as teñan a obriga de facer un plan de igualdade, pero que unha administración non estea obrigada ao mesmo.

Tomando un café no meu concello, puiden ver como era sancionado duramente o propietario dunha cafetería que non cumpría a normativa en materia de prevención do consumo de alcohol por menores de idade, en concreto non tiña á vista un cartel indicativo desta prohibición. Nese momento pensei como sería loitar contra a discriminación por razón de xénero con tales ferramentas, e pareceume ben! Tamén pensei en por que ningunha administración, nin ningunha empresa "treme" cando se fala de non cumprir a lei de igualdade, e cambiei de cara!

Se non queremos empregar as ferramentas que temos ao noso dispor, estamos poñendo en perigo o futuro das nosas fillas e fillos. Eu non quero ser responsable de contarlle á miña filla cando creza que tamén estaba na miña man colaborar na construción dun pobo máis xusto, máis igualitario e máis democrático, pero que non puiden ou non quixen facer nada ao respecto, e que por esa razón vive nunha sociedade na que ten menos dereitos que noutras e tamén menos dereitos que os seus supostos iguais varóns, simplemente polo feito de nacer muller.

Para loitar contra a violencia e acadar mellores cotas de igualdade na sociedade estamos basicamente empregando ferramentas educativas e de sensibilización social, deixando a un lado as ferramentas xurídicas. Quero precisar que as ferramentas educativas en materia de igualdade son esenciais e prioritarias para acadar resultados que realmente transformen a nosa sociedade, pero que non son as únicas. Se o mellor espazo para educar en igualdade, modificar estereotipos de xénero e remover conciencias é na escola, por que a igualdade de oportunidades non é realmente materia nin prioridade educativa?

A misión e visión do feminismo, as políticas e actuacións en materia de igualdade parecen ser no imaxinario de gran parte da sociedade "cousas de mulleres", e que desde a óptica do mesmo modelo do patriarcado minimizan o seu valor. Ás veces, sinto que imos dando tombos. Temos a percepción de que facemos moitas cousas e cousas verdadeiramente importantes que caen en saco roto. Ás veces parece que sufrimos fortes regresións e temos a incómoda sensación de que, en xeral, a mocidade é hoxe máis discriminatoria, violenta e xenófoba que en tempos pasados.

Non podemos esquecer que queda toda unha materia por desenvolver, que a mesa de participación coxea sen esta pata, que é facer partícipes aos homes, tanto individual como colectivamente, nas actuacións en materia de igualdade, desde dúas frontes: primeiro, como responsables directos do modelo patriarcal que menospreza e discrimina o feminino e, segundo, como posibles perceptores das melloras que o feminismo e as políticas de igualdade teñen destinadas para os homes, ao promover modelos de masculinidade máis coherentes, responsables e participativos, que desenvolven, por si mesmos, homes moito máis saudables e felices.

Do mesmo xeito que calquera prefire recibir atención sanitaria dunha persoa titulada en medicina, ou que a súa casa a proxecte unha arquitecta, tamén debemos profesionalizar ás persoas que teñen actitude e interese por analizar o mundo con enfoque de xénero e poñer en valor a figura das/os axentes de igualdade de oportunidades, como mellor maneira de avanzar con paso firme cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Desde sempre, principalmente debido á falta de corresponsabilidade por parte dos homes, son moitísimas as mulleres que prestan moitos servizos sen que medien cartos, comezando polas mulleres que se ocupan do mantemento dos seus fogares e dos seus parentes, sen que as súas tarefas sexan recoñecidas como traballo. As mulleres como suxeitos económicos contribúen moito máis do que perciben e a súa contribución no mercado laboral e no crecemento económico non supón unha contrapartida axeitada no recoñecemento e exercicio dos seus dereitos.

Teño unha filla que vai á escola infantil, coa sorte de que a ela non lle parece nada raro ser parte da diversidade dunha aula de nenas e nenos que proceden de moi diversos puntos do mundo, o que sen dúbida é moi enriquecedor. Persoalmente tiven que aprender e sigo aprendendo a non ter medo ao descoñecido, ao aparentemente diferente, tantas veces responsabilizado, inxustamente, dos problemas desta sociedade.

Por iso segue vixente e segue sendo importante reflexionar sobre a particular discriminación que sofren as mulleres migrantes, tripla discriminación por ser mulleres, por non ser de aquí e polas características dos seus traballos. Unha razón máis para esixir aos poderes públicos que estean alerta e para ser parte activa dunha sociedade que recoñeza e sexa garante das condicións de igualdade e de vida digna tamén para as mulleres estranxeiras que, ademais, teñen un rol decisivo nos procesos de integración dos colectivos de persoas migradas, principalmente de nenas e nenos.

A Administración ten que ser "exemplo" e "referente" para o resto da sociedade e actualmente non é así"

Non quero deixar a sensación de estar a facer unha análise negativa da nosa realidade. Creo realmente que con moi poucos recursos se avanzou moito e en moi pouco tempo. Penso que cada esforzo nesta materia vale moito, que cada curso de igualdade "transforma" en certa medida ás persoas que participan no mesmo. Que cada campaña de sensibilización que fai a Xunta de Galicia ou un concello reforza o estímulo persoal de mellorar o noso futuro, o futuro de todas e de todos. Penso que cada euro gastado en políticas de igualdade é un aforro e, ademais, fai máis sostible calquera outro gasto. Que cada acción que beneficia a unha muller mellora a toda a sociedade. Tamén sei que cada home que non é cómplice da violencia, exercéndoa ou mirando cara a outro lado, é un home mellor. E sei que, aínda que queda moito por facer, traballando a prol da igualdade estamos no camiño axeitado.

“A violencia de xénero non é algo inevitable”

SUSANA LÓPEZ ABELLA

SECRETARIA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

Susana López Abella presenta una ampla traxectoria política en prol da igualdade

Susana López Abella cursou estudos de Dereito e Ciencias Empresariais na UNED e está colexiada en Xornalismo polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia. A súa experiencia profesional no eido informativo comezou como delegada e locutora de “Radio Faro” de Chantada entre os anos 1990 e 1999.

Neste concello asumiu a Concellaría de Cultura e o posto de Tenente de Alcalde entre 1999 e 2003. Desde 2001 é deputada do Parlamento de Galicia, onde foi vogal adxunta do Grupo Parlamentario Popular e vogal de Familia e Muller. É membro do Comité de Dirección e Vicesecretaria Xeral do Partido Popular de Galicia. Desde outubro de 2008 é presidenta do Partido Popular de Chantada.

Na actualidade é Secretaria Xeral da Igualdade da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia.

- Como afecta a crise económica ás mulleres, e en particular ás mulleres inmigrantes?

A crise ten efectos moi negativos no conxunto da sociedade, pero repercute de forma especialmente prexudicial nas mulleres. Informes de distintos organismos internacionais e a propia Comisión Europea así o afirman. Os datos que nos chegan das organizacións que traballan na nosa comunidade sobre o perfil das persoas que necesitan axudas polo seu risco de exclusión apuntan a que o número de mulleres está aumentando.

- Hai axudas ou programas específicos na Secretaria Xeral da Igualdade para axudar á integración da muller inmigrante en Galicia?

Si, anualmente convocamos unha orde de axudas e subvencións para entidades de iniciativa social, para programas para mulleres e recursos integrais. A esta orde preséntanse varias

“Para a consecución dunha sociedade igualitaria os homes teñen que concienciarse de que a batalla polos dereitos das mulleres é tamén a súa batalla”

“A morte dunha soa muller por violencia de xénero é un fracaso”

entidades sen ánimo de lucro que desenvolven programas específicos para mulleres inmigrantes.

Ademais, a Secretaría Xeral puxo a disposición dos Centros de Información á Muller, casas de acollida e as ONGs que traballan directamente coas mulleres inmigrantes un recurso como é o Servizo de Teletraducción en 51 idiomas para poder facilitar o acceso a información e recursos existentes ás mulleres estranxeiras que residen en Galicia. Foron 57 os concellos, 9 ONGs e 5 as casas de acollida que no 2012 dispoñían deste novo servizo gratuíto.

- Que destacaría do VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes?

O VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes é o resultado dun traballo compartido pola totalidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do sector público autonómico en aplicación do espírito de cooperación e coordinación institucional que forma parte dos principios reitores deste plan e que se complementou coas achegas recibidas das asociacións de mulleres, asociacións de igualdade, axentes sociais e outras entidades.

A participación rexistrada no proceso de elaboración ten permitido configurar 320 actuacións cunha valoración económica estimada en 220 M€ para este período de tres anos. O VI Plan para a igualdade constitúe unha ferramenta útil e clara sobre os compromisos a medio prazo do Goberno galego e beneficiosa para o conxunto da cidadanía.

O VI Plan para a igualdade está aberto a novas achegas e precisa da colaboración de todas as galegas e galegos e das organizacións que lles representan para o seu eficaz desenvolvemento.

- No período 2013-2015, que tipo de actuacións en materia de migracións e de educación están previstas no seu departamento?

No VI Plan aparecen recollidas 320 actuacións, destas hai actuacións específicas para as persoas inmigrantes e obviamente moitas de carácter educativo.

Dentro do ámbito educativo podemos destacar:

- Reforzar a igualdade de xénero no ámbito da educación non universitaria e no desenvolvemento da orientación académica e profesional do alumnado (formación do profesorado en igualdade e en coeducación) poñendo á súa disposición ferramentas de información, asesoramento e coordinación e colaboración entre centros educativos de ensino non universitario.
- Impulsar a perspectiva de xénero e das mulleres na formación, docencia e investigación universitaria (introdución da perspectiva de xénero e a construción das novas masculinidades nos graos e posgraos universitarios; apoio ao desenvolvemento de másteres específicos de formación en perspectiva de xénero; apoio ao desenvolvemento de proxectos de investigación que teñan en conta a perspectiva de xénero; formación en coeducación dirixida ao persoal docente universitario).

Dentro das actuacións en materia de migracións podemos destacar entre outras: considerar a perspectiva de xénero nos proxectos destinados ao asesoramento e á formación da poboación inmigrante extracomunitaria; desenvolver accións de formación que contribúan a incrementar a participación das persoas inmigrantes e retornadas no mundo laboral, con atención especial ás mulleres; elaborar en distintos idiomas materiais informativos que faciliten a identificación de situacións de violencia de xénero; divulgación da adaptación do teléfono de información ás mulleres para persoas inmigrantes no seu propio idioma.

- A igualdade de oportunidades segue a ser un tema de mulleres e para as mulleres?

Para a consecución dunha sociedade igualitaria os homes teñen que concienciarse de que a batalla polos dereitos das mulleres é tamén súa. As mulleres percorreron unha parte do camiño, conseguiron superar as súas dependencias afondando na súa autonomía e no seu papel na sociedade. Aínda queda moito, e nese tramo han de estar tamén os homes co fin de dar un paso máis na noción de igualdade. Temos que borrar a idea de que a igualdade se produce entre mulleres e homes, e pola contra construamos unha sociedade de iguais: de mulleres e de homes.

- Que opina do perfil das/os axentes de igualdade en administracións e empresas?

Importante e necesario. A Secretaría Xeral da Igualdade valora positivamente a figura das/os axentes de igualdade e así o pon de manifesto na orde de subvencións que anualmente presenta para entidades locais.

- Contan na Secretaría Xeral con datos sobre a conexión entre violencia ás mulleres e inmigración?

Si, os datos aparecen recollidos no Informe anual de seguimento presentado polo Secretaría Xeral da Igualdade no Parlamento de Galicia en marzo de 2013. Como datos que podamos salientar en Galicia, das 1.438.170 mulleres, o 96,15%

son de nacionalidade española e o 3,85% estranxeira, o que supón 55.318 mulleres.

En canto ás axudas económicas de pagamento periódico durante o 2012, das 362 beneficiarias, o 20,4% foron mulleres inmigrantes (74). Se falamos das axudas económicas de pagamento único, das 51 mulleres beneficiarias en Galicia, 10 delas tiñan nacionalidade estranxeira.

- Podemos dicir que Galicia é primeira potencia na loita contra a prostitución e a trata de seres humanos?

Galicia é a única comunidade en España que forma parte do Proxecto ITINERIS, un proxecto aprobado pola Comisión Europea dentro da convocatoria do Programa Temático de Cooperación con terceiros países nas áreas de migración e asilo e no que participan Galicia, Portugal e Brasil. O Proxecto ten como obxectivo principal afrontar a trata de seres humanos en orixe, neste caso en Brasil, e establecer actuacións coordinadas para protexer os dereitos das persoas inmigrantes en Galicia e Portugal, fundamentalmente no referente a situacións de explotación sexual e da trata. O xefe de filas do proxecto é a entidade ICMPD (*International Centre for Migration Policy Development*), con sede en Viena (Austria), que ten como obxectivo principal mellorar e facilitar a cooperación rexional e internacional nas políticas de migración de xeito global e sostible.

A participación en ITINERIS é de gran interese para Galicia por varias razóns: Brasil é un país dinámico, con profundas raíces culturais con Europa, moi particularmente con Portugal, por tanto tamén con Galicia. En 2008 atopábase no número 9 do ranking de países de fóra da Unión Europea con maior número de cidadáns e cidadás vivindo en Europa, evidenciando ademais un gran descoñecemento por parte dos e das migrantes brasileiras sobre os seus dereitos e da opción da migración legal, o cal os fai moito máis vulnerables a situacións de explotación.

Ademais, Brasil encabeza os países de orixe das mulleres que exercen a prostitución (en moitas ocasións en situación de trata) na nosa Comunidade Autónoma, xunto con Romanía e Nixeria, segundo os datos proporcionados pola memoria de 2008 da Fiscalía Superior.

Debemos ter en conta tamén que a ONU considera que España é utilizada como país de tránsito nun grao que se considera baixo e como país de destino nun grao alto de vítimas de trata de seres humanos (sobre todo con fins de explotación sexual), recibindo vítimas procedentes de Colombia, República Dominicana, Nixeria, Rusia, Ucrania, Romanía, Bulgaria, Brasil, Croacia, República Checa, Polonia e outros países.

Durante o ano 2011 puxéronse en marcha as primeiras accións contempladas dentro do Proxecto, cunha serie de encontros mantidos entre todos os socios en Viena e Recife (Brasil), no que ademais de avaliar os resultados do I Plan Nacional de enfrontamento ao tráfico de persoas do Goberno Brasileiro, establecéronse tamén os obxectivos e contidos do II Plan. Ademais, neste encontro de coordinación e posta en común dos tres países participantes en ITINERIS, Brasil, Portugal e Galicia, celebrado na cidade do

Noreste de Brasil, pecháronse diversos aspectos que afectan directamente ao papel de Galicia dentro do proxecto. No marco do Proxecto ITINERIS, a Secretaría Xeral da Igualdade organizou en xuño de 2012 unha "visita de estudo" a Galicia por parte dunha delegación de axentes brasileiros/as composta de 20 representantes das institucións vinculadas á loita contra a trata en orixe: centros anti-trata, Secretaría Nacional de Xustiza de Brasil e Policía Federal Brasileira.

A Xunta de Galicia presentará un informe destinado a coñecer en profundidade a realidade da trata de seres humanos en Galicia, o estado da situación, facendo especial fincapé na situación das mulleres brasileiras.

- Baixaron as vítimas mortais por violencia de xénero en España, pero Galicia presentou unha mala estatística no 2012. Teñen identificadas as causas dos malos datos sobre violencia de xénero en Galicia neste ano?

Non existe unha causa xeral nin unha razón lóxica, e tampouco existe un perfil de vítima nin de maltratador. A morte dunha soa muller por violencia de xénero é un fracaso, en tódolos ámbitos da sociedade.

-A crise diminúe as denuncias, sen diminuír a violencia?

Se as mulleres non denuncian, se non coñecemos realmente porque non o fan, dificilmente podemos facer especulacións dun tema tan grave. Animar a todas as mulleres a denunciar, senón dificilmente se pode actuar. Hai saída á violencia de xénero.

- Doce de cada cen galegos/as cren que a violencia de xénero é «inevitable». A cifra de cidadáns que non ven solución a esa lacra aumenta nove puntos dende 2005. Cal é a súa valoración?

Preocupante, moi preocupante. A violencia de xénero non é algo inevitable. A violencia de xénero desgraciadamente sempre existiu, o que non pode percibir a sociedade é que un problema inevitable.

Repito, a sociedade non pode volverse inconformista ante esta lacra, senón estamos perdidos e perdidas.

"Non existe un perfil de vítima nin de maltratador"

EXPERIENCIA INVESTIGADORA

MULLERES EMIGRANTES RETORNADAS: INSERCIÓN LABORAL E EMPREGO

Ministerio de Economía y Competitividad . Plan Nacional I+D+I 2010-2013

INTRODUCIÓN

O Grupo de Investigación GEFIL da USC está levando a cabo unha investigación que afonda na realidade laboral das mulleres emigrantes retornadas, desde o estudo dos seus perfís laborais e profesionais. Non é a primeira incursión deste grupo de investigadoras/es na temática, xa que ao longo da súa traxectoria estudaron os procesos de inserción laboral e a influencia, na empregabilidade, que teñen os estudos realizados por colectivos de persoas en risco de exclusión social.

Nesta ocasión, o traballo realízase indagando o itinerario seguido polas mulleres inmigrantes retornadas ata a situación laboral actual, concretando as estratexias utilizadas en devandito proceso, sexan de procura de emprego ou de información, así como os contactos ou apoios utilizados. Ademais de analizar cal foi o seu percorrido ata a consecución do emprego, o estudo intenta coñecer o nivel de satisfacción das mulleres no seu posto de traballo, así como as razóns e as posibilidades de mellora que contemplan. Será de máximo interese pescudar o axuste entre a súa formación e o emprego conseguido, correlacionándoo cos resultados referidos ao grao de satisfacción no seu emprego, así como recoller as súas aspiracións (que buscan) e as súas posibilidades reais de mellora no emprego.

ANTECEDENTES

As características socio-económicas actuais fixeron que as integrantes deste colectivo varíen as súas opcións, ao ser moi vulnerables nas actuais flutuacións do mercado laboral, afectándolles pola precariedade dos empregos aos que acceden e provocando nalgúns casos o retorno ao país do que procedían.

Este colectivo de persoas retornadas converteuse en centro de interese e atención por parte das administracións de Traballo e Asuntos Sociais de España a partir do ano 2000, incrementándose considerablemente esta a partir do ano 2005, como consecuencia do aumento dos fluxos de regreso de emigrantes. Esta situación marca o antecedente da Lei 40/2006, de 14 de decembro, do Estatuto da cidadanía española no exterior, que supón unha ferramenta normativa que permite profundar nas relacións de cooperación e coordinación entre as Administracións Autonómicas e o Goberno do Estado, coa intención de lograr un mellor e máis eficaz aproveitamento dos recursos públicos en políticas destinadas aos cidadáns e cidadás do exterior.

Desde entón, as distintas administracións, tanto do Estado como Autonómicas e locais, así como outras organizacións (sindicatos, ONGs, partidos políticos…), impulsaron e xestionaron plans e iniciativas para a inclusión dos cidadáns e cidadás do exterior na vida social, cultural e económica de España, especialmente naqueles territorios que elixen os e as inmigrantes retornados como lugar de asentamento.

Con todo, en anteriores investigacións constatouse que, entre outras problemáticas, destacan estas:

G.I. 1790 GEFIL

Antonio Rial Sánchez (coord.)

Antonio Vara Coomonte

Elisa Jato Seijas

María José Méndez Lois

Mª del Carmen Sarceda Gorgoso

Elisa Teresa Zamora Rodríguez

María del Mar Sanjuán Roca

Raquel Mariño Fernández

María Luisa Rodicio García

María del Pilar Carnota Carneiro

Margarita Valcarce Fernández

Fco. José Manuel Silvosa Costa

Laura Rego Agraso

- *A falta de información*. A maioría das mulleres que retornan son descoñecedoras da realidade que se van a atopar, das axudas que poden percibir, das institucións ás que deben acudir, dos papeis que van necesitar, etc. Unha boa información e orientación no lugar de orixe contribuiría a facer ese retorno menos "a cegas" do que se está facendo actualmente, e axudaría sen dúbida a que fose menos traumático do que é na maioría dos casos.

- *As dificultades de inserción no mercado laboral*. A muller retornada chega, na maioría das ocasións, sen cualificación profesional, con cargas familiares e cunha idade que a sitúa en risco de exclusión de cara ao mercado laboral. A todo iso hai que engadir o hándicap que de seu xa supón o xénero: polo feito de ser muller sitúase nunha banda de marxinalidade no acceso ao emprego que aínda non puidemos superar.

OBXECTIVOS

A investigación que se está realizando pretende:

- Estudar os procesos de inserción laboral seguidos polas emigrantes retornadas ao noso país, atendendo ao que foi a información manexada, as súas estratexias de emprego, os seus perfís laborais e profesionais.
- Identificar e analizar os indicadores dos procesos de inserción laboral que conducen a empregos de calidade e/ou empregos con graos altos de satisfacción no traballo do colectivo obxecto de estudo.
- Elaborar unha guía útil para a integración laboral das mulleres emigrantes retornadas a España e descendentes de emigrantes españois.

METODOLOXÍA

Para dar resposta aos obxectivos antes suscitados, considerouse pertinente unha aproximación tanto cualitativa como cuantitativa ao tema de estudo. O enfoque cuantitativo supuxo a utilización dun método descritivo, a través da Escala NTP 213 de Satisfacción Laboral, mentres que o enfoque cualitativo implicou a utilización dun método interpretativo a través dunha entrevista semi-estruturada.

O estudo profunda en tres dimensións:

- Dimensión persoal, na que se inclúen variables de identificación persoal, como: idade, xeración (filla ou neta de emigrantes galegos), país de procedencia, nivel académico, cualificación recoñecida.
- Dimensión psicolóxica, que implica variables de satisfacción e rede de apoio social.
- Dimensión profesional, que inclúe variables como emprego conseguido, apoios institucionais, proxecto de inserción laboral, aspiracións e expectativas profesionais.

MOSTRA

Na investigación seleccionáronse as mulleres participantes a través dunha mostraxe probabilística, que nos permitiu, nun segundo paso, recoller unha mostra non probabilística. A mostra coa que se traballa está integrada por mulleres emigrantes retornadas residentes nas Comunidades Autónomas con maior representación (Andalucía, Illas Canarias, Cataluña, Valencia, Galicia e Madrid) e provenientes de Brasil, Arxentina, Venezuela e Uruguai, de 2ª ou 3ª xeración, con idades comprendidas entre os 16 e 65 anos, coa característica común de que deben estar traballando. A todas elas pasóuselles a Escala de Satisfacción Laboral e en función dos resultados obtidos, establecerase unha sub-mostra, formada por 100 mulleres, ás que se realizarán entrevistas individuais.

DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

Finalizouse a primeira fase da investigación, implicando tarefas como a revisión documental (bibliográfica e lexislativa), a localización da mostra en función da poboación escollida (mulleres inmigrantes retornadas en situación de emprego) e a aplicación de instrumentos de recollida de datos (enquérito e Escala NTP 213). É mester destacar, que a localización da mostra implicou grandes dificultades, non suscitadas ao inicio da investigación senón sobrevidas no seu desenvolvemento e debidas á "volatilidade" da mostra por ser un colectivo moi vulnerable no contexto de desemprego actual.

Nestes momentos, xa na segunda fase da investigación, estase a proceder á minería de datos, mentres se levan a cabo nas CC.AA. as entrevistas ás mulleres seleccionadas da mostra.

Máis adiante, comezará a terceira fase de redacción e difusión de resultados e, finalmente, proceder á elaboración dunha guía para a integración laboral das mulleres emigrantes retornadas a España e dos descendentes emigrantes españois de orixe.

EXPERIENCIA EDUCATIVA

PROXECTO PERSEVEIRA – IES PORTO DO SON

Fernando de Castro Miguel

INTRODUCIÓN

O Proxecto Perseveira naceu fai 5 anos, aínda que non estaba bautizado. Naceu dunha necesidade de combater os destrozos que ocasionaba o alumnado nas aulas, o que supoñía un investimento anual de moito diñeiro para rehabilitar os espazos: pintores, corchos novos, manillas de portas... Decidimos desde o Departamento de Debuxo actuar contra isto, e aproveitando a dotación económica do departamento, investimos o diñeiro daquel ano en pintura para unha aula, que curiosamente representaba o fondo do mar. Tras ver o resultado, desde a dirección asumiron rapidamente os custos de tal traballo, e vimos unha porta aberta, xa que as baixas posibilidades económicas do alumnado, normalmente levábannos máis a este tipo de propostas didácticas que a outras nas que lles esixísemos material individual. A partir dese momento pintamos sete aulas, entre as dúas persoas que forman parte do Departamento de Debuxo. Debido á gran aceptación por parte dos alumnos deste proxecto, decidín encamiñar o meu traballo cara aos grupos de diversificación, asumindo a titoría á vez que as clases, para poder compensar a falta de horas da materia. Os resultados eran impresionantes, posto que a verdadeira transformación non sucedía nas aulas, senón nos alumnos. Era o proxecto que todo alumno de plástica do Instituto quería facer, e só os alumnos de diversificación tiñan a fortuna de gozar diso. A partir de aí fun intentando mellorar nas clases, equivocándome e acertando, sacrificando partes da programación por cambios nas persoas. Así, deste xeito, conseguimos todo o profesorado de diversificación que dous dos alumnos que cursaran a ESO de diversificación conseguisen acabar Bacharelato, e todo o resto se titulasen nun ciclo medio e permanezan hoxe en día traballando ou estudando. Dalgún xeito, os resultados foron retroalimentando as ganas de emprender novos proxectos, así que decidín dar un paso máis e facer o proxecto impensable, UN TEATRO: A SALA PERSEVEIRA.

A vantaxe deste proxecto é que non é o que fagas, senón a forma de facelo. Poderíase intentar conseguir un colector marítimo e convertelo nunha biblioteca, facer unha habitación con vasos de cristal de iogures, ou un estudo de gravación... realmente iso dá igual. O importante deste proxecto é que, en esencia, o traballo que se faga sexa para o uso e goce común de toda a comunidade educativa, posto que isto é o que enaltece o

traballo aos seus asinantes e dálles suficiente seguridade como para ver novos horizontes pechados polas notas e os continuos suspensos.

Moitas veces, cos anos de profesión, vexo que se chega a esquecer que detrás das notas hai unha vida e nos centros periféricos hai vidas de moitos tipos...

Había tempo que me roldaba pola cabeza actuar sobre un corredor que unicamente chegaba a unha porta e detrás dela a un ascensor. Levei aos alumnos alí e deixamos que a imaxinación se encargase do resto. A idea de facer un teatro xurdiu ao ver unha imaxe en internet dun miniteatro, que funcionaba estupendamente. A todos pareceunos algo novidoso e especial, e puxémonos ao choio. A temática da decoración do teatro traballámola na aula intentando que xurdise a sinceridade, que cada unha desas vidas quedasen reflectidas no traballo (tal vez isto poida ser o mellor legado que recibín dos meus profesores da facultade). Naqueles días un grave accidente na costa de Porto do Son con dous amigos falecidos recordoulles que o mar era algo que lles distinguía para o bo e para o malo. Isto provocou que quixesen facer unha homenaxe ao fondo do mar, a como viven e se senten eles, e poderllo ensinar ao mundo. Aquel día díxenlles que se o seu traballo era perseverante, seguro que os medios de comunicación tamén se fixarían neles e non só en noticias de desgrazas. Foi unha frase contextualizada, pero co tempo deime conta que formaba parte do proxecto: os **medios de comunicación**. Subestimamos este apartado na educación e témolo máis que presente nas redes sociais. Os alumnos necesitan dun recoñecemento social polo que fan, pois xa non se conforman co laureado familiar e o feito de potenciar o seu recoñecemento mediático pola excelencia é determinante para o éxito deste tipo de proxectos.

ÁMBITO E AMPLITUDE DO MESMO

Nestes anos fixen a proba cos diferentes cursos da ESO. O segundo ano intentei facer unha experiencia con alumnos de 1º de ESO, pero o nivel de madurez para a proposta non era suficiente. Nos cursos de 3º e 4º de ESO, chegan un pouco máis lonxe nos seus razonamentos e compromisos, moi importantes á hora de escoller unha temática que che supoña un vínculo longo no tempo, pero resultan máis un divertimento que unha disciplina. Sen embargo, nos cursos de **3º e 4º ESO diversificación**, onde chegan con 14 anos sen ningunha esperanza de futuro, aí si que hai terreo de traballo. Xa que logo a temporalización é de **2 anos, 3 clases á semana**, que hai que compatibilizar cos labores de **titor**, pero que son perfectas para xerar unha maior confianza profesor-alumno e, á vez, poder coñecer ás familias que che dan moita información de traballo. No noso caso contamos cun total de 11 alumnos dun só grupo de diversificación.

SECUENCIACIÓN E ADMINISTRACIÓN DOS TEMPOS

A base principal para que o traballo sexa profesional é ter moi claro cales son tanto os temas como os contidos mínimos da materia. Non pode haber dúbidas sobre isto, pois sería moi sinxelo perder o rumbo sobre o traballo que, aparte de reforzar outros ámbitos, tamén debe ofrecer uns contidos, neste caso da materia de Educación Plástica e Visual de 3º e 4º de ESO.

"O importante deste proxecto é que, en esencia, o traballo que se faga sexa para o uso e goce común de toda a comunidade educativa"

A secuenciación que propoño de contidos é totalmente diferente ao xeito habitual de ofrecelos. Trátase de unidades didácticas abertas, de tal xeito que non se pecha un tema, senón todo o contrario, vanse abrindo os temas conforme vai o curso. Isto obriga a unha disciplina de traballo ao finalizar as clases, apuntando claramente cales son os contidos e de que unidade didáctica se abarcaron. Axuda tamén o propoñer tarefas fóra das actividades da aula, para que os alumnos fagan conscientes o traballo. O obxectivo será sempre mantelos entretidos na aprendizaxe coma se fose navegar por internet. E a premisa para a aprendizaxe é "que nos pille traballando sempre".

Neste proceso de aprendizaxe similar ao que facemos cando navegamos por internet, recoller contidos pero tendo alguén que sexa capaz de moldealos conxuntamente, sendo ese o labor do profesor: un acompañante na aprendizaxe capaz de dar respostas ás dúbidas durante o proceso, conséguese un vínculo maior entre profesor e alumno, pero ben é certo que se o grupo non fose de diversificación (10 alumnos por aula) sería practicamente inviable de asumir.

A distribución temática dunha xornada é similar á dunha empresa.

1. Posta en común. Fixar obxectivos do día e da semana.
2. Facemos reparto de tarefas (incluídas as do profesor). Grupos ou en solitario segundo o que nos esperte o instinto do día con respecto a estados anímicos.
3. Tempo de traballo.
4. Dúbidas (xorden soas e prestan atención todos).
5. Tempo de traballo.
6. Reparto de información de dúbidas da xornada anterior e desta mesma (xa anticipadas: isto sorpréndelles bastante porque non entenden como unha dúbida suscitada por eles pode ter resposta en papel).
7. Comunicación do profesor aos seus alumnos (fóra da aula), e retroalimentación mediante redes sociais de cuestións de interese sobre o traballo e proxección do que se fai cara ao exterior.

Documental do proxecto:
canle de youtube: Cainesanonimos

http://www.youtube.com/watch?v=lVZnOmNBSpo

NOVAS PUBLICACIÓNS

Mellora da comunicación igualitaria. Análise e estratexias socioeducativas.
Mª José Méndez Lois e Celso Taboada Lorenzo (coords.) Santiago de Compostela: ICE.

O libro *Mellora da comunicación igualitaria. Análise e estratexias socioeducativas* ofrece quince interesantes achegas, de grande interese para profesorado e familias, en relación a catro temáticas básicas para educar ás e aos adolescentes en procesos comunicativos igualitarios: linguaxe igualitaria, redes sociais, imaxes e modelos das mulleres e dos varóns na sociedade do século XXI e, por último, roles de xénero que se lle achegan ás xeracións máis novas, a través da programación infantil dos medios de comunicación e doutras manifestacións culturais e lúdicas como o teatro, as revistas xuvenís, os cómics ou os videoxogos.

A publicación tenta facernos conscientes de que non é posible achegarnos á mellora da comunicación igualitaria se se seguen producindo, na sociedade actual, discursos, imaxes e expresións que discriminan ou exclúen a determinados colectivos da sociedade, nomeadamente ás mulleres e ás nenas, ao tempo que persiste o influxo dos estereotipos de xénero que perpetúan roles, tradicionais e androcéntricos, agora de modo, cada vez máis a miúdo, máis sofisticado baixo a premisa de que as comunicacións e, sobre todo, a tecnoloxía xa é igualitaria e paritaria por si mesma.

Os actuais modos de comunicación teñen mudado moito a realidade e debemos ser conscientes de que as ferramentas tecnolóxicas conseguiron cambiar en pouco tempo as nosas formas de relacionarnos coas demais persoas, de traballar, de estudar e incluso de facer transaccións diversas. As persoas máis novas viven inmersas neste novo modelo de sociedade, o que lles permite aproveitar ao máximo os seus beneficios pero ter tamén unha maior exposición aos seus riscos ata o punto de que, entre outras moitas limitacións, está cambiando significativamente a forma de establecer relacións entre as persoas e os seus modos de comunicarse.

Esperamos que a lectura do libro ofreza, ás persoas que a el se acheguen, puntos de vista que inciten á reflexión e ao diálogo. Se isto é así o seu obxectivo principal estará acadado.

Cosmopolitismo y Educación. Aprender y trabajar en un mundo sin fronteras.
Miguel Anxo Santos Rego (ed.). Valencia: Editorial Brief.

Aínda que o noso mundo non sexa tan plano como algúns pretenden representalo, do que non cabe a menor dúbida é de que os seus contornos se han ir modulando ao compás dun proceso de globalización practicamente irrefreable desde que o avance da tecnoloxía desbordou os diques de contención nos mercados e na economía, facéndoa máis interdependente e necesitada de xestores globais. Con iso, o sentido clásico dunha educación básica prefixada segundo contextos mudouse noutro máis ligado á complexidade e á incerteza do día a día, onde o dominio de contidos académicos discretos ten que complementarse, eficazmente, co dominio de habilidades comunicativas propias dunha sociedade cosmopolita, onde xa é posible aprender e traballar baixo formatos de total conectividade e interactividade. Este feito suscita un desafío de gran magnitude aos sistemas educativos, tanto nos países máis desenvolvidos como nos chamados emerxentes, á mantenta de como facer que os procesos de aprendizaxe e as vías de formación de capital (social, cultural,..), se poidan xestionar de modo que axuden a estudantes e graduados a lograr o tipo de coñecementos e competencias que marcan diferenzas nunha sociedade tal.

Ademais, posto que o tema destila aspectos e dimensións de gran relevancia e actualidade nas humanidades e ciencias sociais (alfabetización, moral, valores, competitividade, empregabilidade, sociedade civil, cidadanía, currículo, destrezas, cooperación, formación de profesores, formación, motivación, innovación...), o libro vai suscitando problemas e ofrecendo respostas no marco da dialéctica aprendizaxe-formación-traballo na sociedade cosmopolita, entendida non como ideal romántico senón como deriva de fluxos históricos mediados pola tecnoloxía e a comunicación.

NOVIDADES EDITORIAIS

Alemany, I.; Jiménez, Mª A. e Sánchez, S. (coords.) (2012*). Formación del profesorado para la diversidad cultural*. Madrid: La Muralla.



Comellas, Mª J. (coord..) (2013). *Familia, escuela y comunidad: un encuentro necesario*. Barcelona: Octaedro.

De la Cerda, M. (2013). *Por una pedagogía de ayuda entre iguales. Reflexiones y prácticas*. Barcelona: Ediciones Graó.

Díez, Mª C. e Palau, P. (2013). *Los trastornos infantiles. Guía de acompañamiento familiar y profesional*. Barcelona: Ediciones Graó.

Dolz, J. et al. (2013). *Producción escrita y dificultades de aprendizaje*. Barcelona: Ediciones Graó.

Escofet, A. (2013). *Enseñar y aprender en la universidad*. Barcelona: Octaedro.

Forestello, A. (2013). *La cultura de participación en los centros de secundaria. Un estudio de casos en la Agenda 21 escolar*. Barcelona: Ediciones Graó.

Gibbs, G. (2012). *El análisis de datos cualitativos en Investigación Cualitativa*. Madrid: Ediciones Morata.

Jarauta, B. e Imbernon, F. (2012). *Pensando en el futuro de la educación. Una nueva escuela para el siglo XXII*. Barcelona: Ediciones Graó.



Lage, J. (2013). *Bibliotecas escolares, lectura y educación*. Barcelona: Octaedro.

Mas, Ó. e Tejada, J. (2013). *Funciones y competencias en la docencia universitaria*. Madrid: Editorial Síntesis.

Méndez, F.X. et al. (2012). *Fortaleza psicológica y prevención de las dificultades emocionales*. Madrid: Pirámide.



Pérez Gómez, A. (2012). *Educarse en la era digital*. Madrid: Ediciones Morata.

Rodríguez, R. Mª. (2012). *Educación en valores en el ámbito universitario. Propuestas y experiencias*. Madrid: Ediciones Narcea.

Santiago, S. (2013). *Tratando… inestabilidad emocional*. Madrid: Ediciones Pirámide.

Santibáñez, R. e Martínez, A. (coords.) (2013). *Intervención comunitaria con adolescentes y familias en riesgo*. Barcelona: Ediciones Graó.

Slee, R (2012). *La escuela extraordinaria. Exclusión, escolarización y educación inclusiva*. Madrid: Ediciones Morata.

Suárez, C. e Gros, B. (2013). *Aprender en red. De la interacción a la colaboración*. Barcelona: Editorial UOC.

Torres, M. (2013). *Las políticas de formación profesional en España y en Europa: perspectivas comparadas*. Barcelona: Octaedro.

Trianes, M.V. (2012). *Psicología del desarrollo y de la educación*. Madrid: Pirámide

VINDEIRAS ACTIVIDADES DA REDE

CURSO DE VERÁN:
IX NOVAS FRONTEIRAS NA IGUALDADE
DE OPORTUNIDADES 2.0
A ESCOLA DA COMUNICACIÓN IGUALITARIA
Lalín, 16 -19 de xullo de 2013

O Grupo de Investigación GEFIL, en colaboración coa Oficina de Igualdade do Concello de Lalín, leva a cabo unha nova edición do seu curso de verán, que terá lugar no concello pontevedrés.

Vai dirixido principalmente a educadoras/es sociais, profesorado, traballadoras/es sociais e orientadoras/es, profesionais dos medios de comunicación, *community manager*, e profesionais da comunicación en Social Media, ANPAs, asociacións sociais e/ou culturais, Fundacións, ONGs, partidos políticos, sindicatos…

Máis información na **USC** e na **web do Concello**.

LOS VIDEOJUEGOS Y LA EDUCACIÓN HOY:
¿QUÉ HAY QUE SABER?
A Coruña, 3 – 5 de setembro de 2013

UIMP Universidad Internacional Menéndez Pelayo

O encontro propón someter a exame a repercusión que os videoxogos están a ter sobre a infancia e mocidade a través, concretamente, de distintas manifestacións actitudinais e condutuais considerando o trasfondo dunha sociedade dominada pola tecnoloxía, o que presenta tamén notorios desafíos á educación, dentro e fóra da escola, tendo en conta a forte presenza dos recursos dixitais nas formas de aprender e na vida das familias, centros de ensino, alumnos e profesores. Os destinatarios do Seminario son, principalmente, profesores, orientadores escolares, alumnos universitarios e familias.

Máis información.

XV CONGRESO INTERNACIONAL DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL DE FORMACIÓN PARA O TRABALLO.
Ourense, 26 - 28 de setembro 2013

Este congreso nace co obxectivo de servir como punto de encontro e intercambio de experiencias entre o persoal docente/investigador das universidades galegas e portuguesas cos técnicos/as xestores/as e responsables das políticas públicas e privadas nas institucións e organizacións do tecido social e produtivo de Galicia e Portugal

Máis información

VINDEIROS CONGRESOS

XVI CONGRESO NACIONAL Y II INTERNACIONAL DE MODELOS DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA "INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA AL SERVICIO DE INSTITUCIONES Y COMUNIDADES GLOBALES, PLURALES Y DIVERSAS"

Alacante, 4 – 6 de setembro 2013

Liñas de interese:

- Identidade, diversidade, equidade e globalidade en educación
- Diagnóstico, orientación e atención á diversidade
- Avaliación e innovación en institucións e comunidades plurais e inclusivas
- Formación do profesorado e desenvolvemento profesional para unha educación global
- Investigación educativa en comunidades e institucións diversas e plurais

Máis información

XII CONGRESSO INTERNACIONAL GALEGO-PORTUGUÉS DE PSICOPEDAGOGIA

Braga, 11 - 13 de setembro 2013

Este congreso internacional está organizado conxuntamente pola Universidade do Minho e Universidade de A Coruña, constituíndo un acontecemento de converxencia académica e de mobilización de profesionais, académicos e estudantes dos ámbitos do ensino, formación e das CC. da educación en xeral. Este protocolo de cooperación entre ambas entidades ten xa unha duración de dez anos.

Máis información.

II CONGRESO INTERNACIONAL MULTIDISCIPLINAR DE INVESTIGACIÓN EDUCATIVA. CIMIE 2013

Tarragona, 4 - 5 de xullo 2013

#CIMIE13

2º Congreso Internacional Multidisciplinar de Investigación Educativa

As áreas que abarca van desde a didáctica de cada unha das materias impartidas nos centros educativos ata a Socioloxía ou o Traballo Social, tratando temas tan diversos como a educación de adultos, estudos do currículum, diversidade sexual e educación.

Máis información.

II CONGRESO INTERNACIONAL DE VIDEOJUEGOS Y EDUCACIÓN

Cáceres, 1 – 3 de outubro 2013

O lema deste congreso é "do eduitament á aprendizaxe baseada en xogos". A idea é avanzar no coñecemento de experiencias e iniciativas que foron incrementando as postulacións teóricas e metodolóxicas cara a o que na actualidade se ven denominando "aprendizaxe baseado en xogos" e que está a tomar gran forza desde a súa aparición nos informes HORIZON. Está organizado polo Grupo de Investigación "Nodo Educativo" do Departamento de CC. da Educación da Facultade de Formación do Profesorado da Universidad de Extremadura.

II Congreso Internacional de Videojuegos

V CONGRESO MUNDIAL "EDUCACIÓN INFANTIL Y FORMACIÓN DE EDUCADORES".

Antequera, 31 de outubro, 1 e 2 de novembro de 2013

No congreso reflexionarase e debaterase sobre a situación actual e as novas tendencias da etapa educativa de educación infantil, a importancia da formación dos educadores e as estratexias para implicar á familia como primeira colaboradora na educación.

Os obxectivos propostos son:

- coñecer e intercambiar experiencias e investigacións con profesionais de todo o mundo.
- reflexionar sobre elas e a súa posible adaptación ao noso contexto educativo, fomentando o deseño de intervencións futuras.
- prestar especial atención ás prácticas educativas de calidade nesta etapa.

Máis información

III CONGRESO INTERNACIONAL DE ETNOGRAFÍA Y EDUCACIÓN

Madrid, 3 - 5 xullo de 2013

Terceira edición deste evento científico internacional que reúne a investigadores e investigadoras cuxos intereses se sitúan na intersección entre etnografía e educación, e con propostas que reflicten unha concepción ampla da educación e os espazos educativos máis aló, aínda que sen excluír, do estudo do ensino-aprendizaxe en contextos formais-escolares.

Congreso Madrid.

NOVIDADES LEXISLATIVAS

DOG

ORDE do 14 de maio de 2013 pola que se regula a convocatoria, o recoñecemento, a certificación e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia. DOG Núm. 96 Mércores, 22 de maio de 2013 Páx. 17697-17732.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130522/AnuncioG0164-160513-0001_es.pdf

ORDE do 10 de maio de 2013 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de bolsas destinadas aos estudantes universitarios que participan en programas de mobilidade con países extracomunitarios no curso 2013/14. DOG Núm. 96 Mércores, 22 de maio de 2013 Páx. 17772-17784.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130522/AnuncioG0164-140513-0002_gl.pdf

ORDE do 26 de abril de 2013 pola que se establecen as bases e se convocan, en réxime de concorrencia competitiva, subvencións para o desenvolvemento de programas dirixidos á redución do abandono escolar nos concellos de Galicia para o ano 2013. DOG Núm. 88 Mércores, 8 de maio de 2013 Páx. 15063-15087.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130508/AnuncioG0164-300413-0001_gl.pdf

ORDE do 5 de abril de 2013 pola que se nomean os membros da Comisión Interuniversitaria de Galicia e se publican os parámetros de ponderación das materias da fase específica da proba de acceso á universidade de bacharelato e FP, para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao do Sistema Universitario de Galicia no curso 2013/14. DOG Núm. 72 Luns, 15 de abril de 2013 Páx. 11217-11225.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130415/AnuncioG0164-050413-0002_gl.pdf

RESOLUCIÓN do 10 de abril de 2013 pola que se publica a normativa de permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e máster universitarios desta universidade. DOG Núm. 76 Venres, 19 de abril de 2013 Páx. 12061-12067.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130419/AnuncioU500-100413-0004_gl.pdf

ORDE do 25 de abril de 2013 pola que se establecen as bases que rexen as axudas para o programa Galeuropa a mozos e mozas para a realización de prácticas formativas non remuneradas en empresas de calquera dos Estados membros da Unión Europea, agás España, e se procede á súa convocatoria. DOG Núm. 82 Luns, 29 de abril de 2013 Páx.13265-13287.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20130429/AnuncioCA05-240413-0001_gl.pdf

BOE

RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de actuacións dirixidas a favorecer a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación por parte do alumnado que presente necesidades educativas especiais derivadas de discapacidade durante o curso escolar 2013-2014. BOE Núm. 129 Xoves,30 de maio de 2013 Páx. 40859-40868.

http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30/pdfs/BOE-A-2013-5700.pdf

RESOLUCIÓN do 18 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan subvencións a entidades privadas sen fins de lucro para a realización de actuacións dirixidas á atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e á compensación de desigualdades en educación durante o curso escolar 2013-2014. BOE Núm. 129 Xoves,30 de maio de 2013 Páx. 40879-40888.

http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/30/pdfs/BOE-A-2013-5702.pdf

RESOLUCIÓN do 17 de abril de 2013, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, pola que se convocan subvencións para favorecer a mobilidade de profesores visitantes e de estudantes en ensinanzas universitarias oficiais de Máster e Doutorados desenvolvidos conxuntamente por universidades francesas e españolas para o curso académico 2013-2014. BOE Núm. 113 Sábado, 11 de maio de 2013 Páx. 35915-35934.

http://www.boe.es/boe/dias/2013/05/11/pdfs/BOE-A-2013-4933.pdf

ORDE ECD/713/2013, do 23 de abril, pola que se convoca procedemento selectivo de ingreso ao Corpo de Mestres para prazas do ámbito de xestión territorial do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e procedemento de adquisición de nova especialidade para os funcionarios de carreira do citado corpo. BOE Núm. 103 Martes, 30 de abril de 2013 Páx. 32611-32641.

http://www.boe.es/boe/dias/2013/04/30/pdfs/BOE-A-2013-4554.pdf

RIES

REDE de INMIGRACIÓN, ESCOLA e SOCIEDADE

GRUPOS DE INVESTIGACÍÓN

G.I. 1790 ESCOLA-CULTURA (ESCULCA)
Dir. Miguel Anxo Santos Rego

G.I. 1867 GRUPO GALEGO DE ESTUDOS PARA A FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL (GEFIL)
Dir. Antonio Rial Sánchez

G.I. 1468 DIAGNÓSTICO E ORIENTACIÓN EDUCATIVA E PROFESIONAL (DIOEP)
Dir. Elena Fernández Rey

G.I. 1438 TECNOLOXÍA EDUCATIVA (TEC_EDUC)
Dir. Beatriz Cebreiro López

G.I. 1372 GRAMÁTICA DO ESPAÑOL (GRAMÁTICA)
Dir. María Teresa Díaz García

G.I. DE3 GRUPO DE INVESTIGACIÓN EN EDUCACIÓN, ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE (GIES)
Dir. Margarita Pino Juste

Contacto:
Facultade de Ciencias da Educación
Despacho 28 (Módulo A)
Campus Vida 15782
Santiago de Compostela (A Coruña)

http://redries.usc.es/

rederies@gmail.com

Teléfono: 881813890

Xa estamos a traballar en…

- VII SEMINARIO DE ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO INMIGRANTE. EXPERIENCIA E INNOVACIÓN

- CURSO DE ESPECIALIZACIÓN EN XESTIÓN SOCIOEDUCATIVA DA INMIGRACIÓN NO EIDO LOCAL